

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 4 de abril de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU (Nº expte 2023072624),*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descryptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

